



SI

As mulleres no sector TIC. Ano 2014


XUNTA DE GALICIA

Edita: Xunta de Galicia
Presidencia
Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega).

Lugar: Santiago de Compostela

Ano: 2014

Este documento distribúese baixo licenza Creative Commons 3.0 Recoñecemento –Compartir baixo a mesma licenza
dispoñible en: <http://creativecommons.org/licenses/by-sa/3.0/deed.gl>




Índice

1. Introducción
2. Contexto europeo
3. As mulleres nas empresas TIC en Galicia
 - 3.1. A situación da muller no ámbito do Hipersector TIC
 - 3.2. O emprego no sector TIC galego dende unha perspectiva de xénero
 - 3.3. O emprego no Sector Contidos en Galicia dende unha perspectiva de xénero
 - 3.4. A formación académica das mulleres nas empresas TIC galegas
 - 3.5. As funcións e os roles das mulleres no cadro de persoal das empresas TIC galegas
4. Conclusións

1. Introducción

Dada a importancia que o Sector TIC está a ter no desenvolvemento da economía do noso país, a análise da presenza da muller no mesmo é crucial para a sustentabilidade do sector.



Neste breve monográfico achegaremos á contextualización da situación da muller nas TIC en Europa, xunto cun percorrido pola situación feminina no conxunto do Hipersector TIC galego, onde a tendencia á baixa representación das mulleres resulta novamente manifesta.

Obxectivos

- **Contextualización** da situación da muller europea no sector TIC
- Presentar **datos actualizados** sobre a presenza das mulleres galegas no Hipersector TIC en xeral e no Sector TIC e Sector Contidos en particular.
- Identificar as súas **funcións e roles** no cadro de persoal das empresas.
- Analizar o **nivel de formación** das mulleres galegas nas empresas TIC identificando as súas principais deficiencias.

Fontes de información:

- ➔ Enquisa sobre a Sociedade da Información nas empresas TIC galegas - OSIMGA 2014.
- ➔ Afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE ao OSIMGA, procedentes da Seguridade Social (2011-2013)
- ➔ Axenda dixital para Europa”
- ➔ Datos secundarios extraídos da “Comisión Europea”



2. Contexto europeo



A Axenda Dixital Europea 2020 é un ambicioso plan para potenciar á UE como potencia tecnolóxica e dixital, baseándose nunha serie de piares, entre os que cabe destacar **“Fomentar a alfabetización, a capacitación e a inclusión dixitais”**.




Dentro deste pilar, a acción 60 céntrase no obxectivo de promover unha maior participación das mulleres xóvenes na forza de traballo das TIC.

A acción apunta á inversión e mellora da falta corrente de man de obra feminina no sector TIC. As mozas que escollen carreiras tecnolóxicas diminúen mentras que as oportunidades medran. A Comisión pretende loitar contra esta tendencia.

O insuficiente número de mulleres en postos de traballo do sector TIC é xeneralizado en toda Europa, coa grave carencia que esta situación supón para as empresas.

Participación feminina no sector TIC en Europa



Unha das posibles causas desta escasa representación é o reducido interese da muller pola formación especializada en TIC, onde según datos europeos:

- De cada 1000 mulleres graduadas, só 29 o están en TIC (2,9%)
- E destas, unicamente 4 traballan no sector tecnolóxico (13,8% das graduadas en áreas TIC).

Entre as iniciativas para vencer o desinterese polas TIC, cabe destacar: “Every Girl Digital”, que fai énfase na divulgación das tarefas diarias das propias mulleres que traballan no ámbito das TIC



Pese ao contexto económico que está a vivir Europa, as empresas relacionadas coas TIC seguen creando postos de traballo a razón de 120.000 ao ano, aínda que estes postos tan só serán cubertos por mulleres nun 30% dos casos.

Non obstante, os beneficios que aportan ás mulleres estes postos de traballo TIC superan aos doutros sectores polas seguintes razóns:

As mulleres do sector TIC gañan un 9% máis que as traballadoras doutros sectores


Teñen horarios laborais máis flexibles

Poden conciliar mellor a súa vida laboral e familiar

Teñen menos problemas de desemprego, xa que é un sector en auge

“A tecnoloxía é algo demasiado importante como para deixala a merced dos homes”

Neelie Kroes, vicepresidenta da CE e comisaria da Axenda Dixital



Ademáis dos beneficios persoais para mulleres, a incorporación feminina no sector TIC tamén conlevará beneficios para a sociedade e as propias empresas, tales como:

A equiparación entre homes e mulleres no sector TIC faría que o PIB europeo medrara cada ano uns 9.000 millóns de euros

As organizacións cunha presenza maior de mulleres en postos directivos teñen un 35 % máis de rendemento do capital

A incorporación feminina tamén produciría un 34% máis de rendemento total para os accionistas respecto doutras empresas da súa mesma actividade e volume de negocio.

“Agora sabemos, sen ningunha dúbida, que un maior número de mulleres nunha empresa faina máis próspera”

Neelie Kroes, vicepresidenta da CE e comisaria da Axenda Dixital

3. As mulleres nas empresas TIC en Galicia




3.1. A situación da muller no ámbito do Hipersector TIC



Afiliacións á Seguridade Social no Hipersector TIC por sexo. Ano 2013

	% de mulleres	Fenda de xénero
Sector TIC	37,7%	24,6 puntos
Sector Contidos	41,4%	17,2 puntos
Hipersector TIC	38,6%	22,8 puntos



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social.

No Hipersector TIC, a porcentaxe de mulleres traballadoras é do 38,6% o que continúa a denotar a inferioridade de representación do xénero feminino.


O Sector Contidos é onde atopamos a menor fenda de xénero, 17,2 puntos porcentuais, situándose a representatividade de mulleres no 41,4%.

Afiliacións á Seguridade Social no Hipersector TIC por sexo. Evolución 2011-2013

Ano 2011		
	% Mulleres	% Homes
Sector TIC:	38,6%	61,4%
Sector Contidos:	42,4%	57,6%
Hipersector TIC:	39,6%	60,4%

Ano 2012		
	% Mulleres	% Homes
Sector TIC:	38%	62%
Sector Contidos:	41,2%	58,7%
Hipersector TIC:	38,9%	61,1%

Ano 2013		
	% Mulleres	% Homes
Sector TIC:	37,7%	62,3%
Sector Contidos:	41,4%	58,6%
Hipersector TIC:	38,6%	61,4%



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social.

En termos evolutivos, o Sector Contidos é onde se acada unha maior presenza de mulleres, incrementándose en 0,2 puntos porcentuais respecto do ano 2012.


Realizando unha visión xeneralizada do Hipersector TIC, mantense unha situación de estabilidade nos tres últimos anos ao redor do 39%.

Afiliacións á Seguridade Social no Hipersector TIC por réxime. Evolución 2011-2013

Ano 2011		
	% Mulleres	% Homes
R.xeral:	41,7%	58,3%
Autónomas:	31,1%	68,9%

Ano 2012		
	% Mulleres	% Homes
R.xeral:	41%	59%
Autónomas:	30,2%	69,8%


Ano 2013		
	% Mulleres	% Homes
R.xeral:	40,9%	59,1%
Autónomas:	29,1%	70,9%




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social.

O emprendemento feminino no Hipersector TIC é reducido. Só 3 de cada 10 autónomos do Hipersector TIC son mulleres e a maioría opta por cotización no réxime xeral. Esta situación mantese practicamente invariable nos últimos anos.

3.2. O emprego no sector TIC galego desde unha perspectiva de xénero



Afiliacións á Seguridade Social no sector TIC por sexo. Evolución 2011-2013



	Mulleres	Homes
ANO 2011:	38,6%	61,4%
ANO 2012:	38 %	62%
ANO 2013:	37,7%	62,3%

Fonte:Elaboración do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social


As mulleres representan o 37,7% do total de traballadores/as do sector TIC galego. A porcentaxe de mulleres empregadas no sector TIC de Galicia mantense estable nos tres últimos anos, aínda que debuxan unha situación de desigualdade de xénero neste sector, cunha fenda de 24,6 puntos porcentuais entre os homes e as mulleres.

Afiliações á Seguridade Social no sector TIC por réxime. Evolución 2011-2013

Ano 2011		
	% Mulleres	% Homes
R.xeral:	40,7%	59,3%
Autónomas:	31,1%	68,9%

Ano 2012		
	% Mulleres	% Homes
R.xeral:	40,4%	59,6%
Autónomas:	30%	70%


Ano 2013		
	% Mulleres	% Homes
R.xeral:	40,2%	59,8%
Autónomas:	28,6%	71,4%



Fonte:Elaboración do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social

A presenza das mulleres autónomas no sector TIC galego sitúase no 28,6%. A fenda de xénero no Régime Especial de Autónomos é significativamente superior á obtida no Régime Xeral, aínda que nos dous casos, a situación non mudou significativamente nos tres últimos anos.

Afiliacións á Seguridade Social no sector TIC por subsectores económicos. Ano 2013



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social.

A presenza das mulleres nos distintos sectores analizados varía notablemente, acadando a súa máxima presenza no sector das Telecomunicacións cun 47,4%, fronte á porcentaxe máis baixa que corresponde co sector das Comerciais TIC, onde non acada o 30% do total de traballadores.

A continuación, desglosanse os datos de cada un dos cinco subsectores económicos que conforman o sector TIC

**1. Manufactureiras
TIC**



**2.
Telecomunicacións**




**3. Actividades
Informáticas**



4. Comerciais TIC



**5. Outros servizos
TIC**



1. Manufactureiras TIC. Desglose por CNAE -2009

Afiliacións á Seguridade Social. Ano 2013



% de mulleres


CNAE 261: Fabricación de compoñentes electrónicos: 29,4%

CNAE 262: Fabricación de ordenadores: 8%

CNAE 263: Fabricación de equipos de telecomunicacións: 39,8%

CNAE 264: Fabricación de electrónica de consumo: Sen datos (*)

TOTAL MANUFACTUREIRAS TIC: 34,1%



Fonte:Elaboración do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social.

(*)Os sectores sen datos débense á protección de segredo estatístico.

2. Telecomunicacións. Desglose por CNAE -2009

Afiliacións á Seguridade Social. Ano 2013



% de mulleres


CNAE 611: Telecomunicacións por cable: 37%

CNAE 612: Telecomunicacións sen fíos: 8,3%

CNAE 613: Telecomunicacións por satélite: 0

CNAE 619: Outras actividades de telecomunicacións: 72,5%


TOTAL TELECOMUNICACIÓNS: 47,4%



Fonte:Elaboración do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social.

3. Actividades informáticas. Desglose por CNAE -2009

Afiliacións á Seguridade Social. Ano 2013




% de mulleres

CNAE 620: Actividades de programación o consultaría: 34,5%

CNAE 631: Procesos de datos: 30,2%

TOTAL ACTIVIDADES INFORMÁTICAS: 34,4%



Fonte:Elaboración do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social.


4. Comerciais TIC. Desglose por CNAE -2009

Afiliacións á Seguridade Social. Ano 2013



% de mulleres


TOTAL COMERCIAIS TIC (CNAE 465: Comercio por xunto de ordenadores) : 29,5%



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social.

5. Outros servizos TIC. Desglose por CNAE -2009

Afiliacións á Seguridade Social. Ano 2013




% de mulleres

CNAE 582: Edición de videoxogos: 28,1%

CNAE 951: Reparación de ordenadores e equipos: 33%

TOTAL OUTROS SERVIZOS TIC: 32,4%




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social.

3.3. O emprego no Sector Contidos en Galicia dende unha perspectiva de xénero



Afiliacións á Seguridade Social no Sector Contidos por sexo. Evolución 2011-2013



Fonte:Elaboración do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social

Como xa vimos, o sector Contidos é o que rexistra unha maior paridade entre homes e mulleres: Así, un 41,4% dos traballadores/as deste sector son mulleres.


En termos evolutivos, a fenda de xénero mantívose practicamente igual nos tres últimos anos

Afiliacións á Seguridade Social no Sector Contidos por réxime. Evolución 2011-2013

Ano 2011		
	% Mulleres	% Homes
R.xeral:	44,1%	55,9%
Autónomas:	31%	69%

Ano 2012		
	% Mulleres	% Homes
R.xeral:	40,4%	59,6%
Autónomas:	30%	70%

Ano 2013		
	% Mulleres	% Homes
R.xeral:	43%	57%
Autónomas:	31,6%	68,4%



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social

Novamente, a fenda de xénero no Régime Especial de Autónomos é superior á do Régime Xeral, aínda que a porcentaxe de autónomas no sector Contidos (31,6%) é lixeiramente máis elevada que no sector TIC (28,6% de autónomas).

A continuación, desglósanse os datos de cada un dos dous subsectores económicos que conforman o Sector Contidos por CNAE - 2009

1. Edición de libros e actividades relacionadas con: cine, TV e son



2. Medios de información



1. Edición de libros e actividades relacionadas con: cine, TV e son Desglose por CNAE -2009

Afiliacións á Seguridade Social. Ano 2013




% de mulleres

CNAE 581: Edición de libros, periódicos e outras actividades editoriais: 43,4%

CNAE 591: Actividades cinematográficas, de video e de programación de televisión: 43,1%

CNAE 592: Actividades de grabación de sonido e edición musical: 29%

TOTAL SECTOR CONTIDOS: 43,2%



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social.

2. Medios de información. Desglose por CNAE -2009

Afiliacións á Seguridade Social en alta laboral, Ano 2013




% de mulleres

CNAE 601: Actividades de radiodifusión: 42,5%

CNAE 602: Actividades de programación e emisión de televisión: 43,1%


CNAE 639: Outros servizos de información: 29%

TOTAL MEDIOS DE INFORMACIÓN: 38,3%




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social.

3.4. A formación académica das mulleres nas empresas TIC galegas



Titulación do persoal segundo o sexo




Fonte: Enquisa sobre a Sociedade da Información nas empresas TIC galegas. OSIMGA 2014

Mentres que o 33,4% dos traballadores do sector TIC son homes que contan con formación TIC de grao medio ou superior, só o 11,7% dos traballadores son mulleres que dispoñen da mesma formación académica.

Tamén cabe salienta, a significativa fenda existente nos Ciclos formativos Superiores TIC: 21% de homes fronte a tan só un 3,7% de mulleres.


Empresas TIC que contan no seu persoal con mulleres con titulación TIC superior



Base: Empresas TIC con asalariados/as

Fonte: Enquisa sobre a Sociedade da Información nas empresas TIC galegas. OSIMGA 2014

Empresas TIC que contan no seu persoal con mulleres con titulación TIC media



Base: Empresas TIC con asalariados/as


Fonte: Enquisa sobre a Sociedade da Información nas empresas TIC galegas. OSIMGA 2014

Ao redor de unha de cada catro empresas TIC ten empregada algunha muller con titulación TIC superior ou media, concretamente:

- Un 15,1% de empresas TIC ten empregadas mulleres con titulación superior TIC
- Un 8,5% de empresas TIC ten empregadas mulleres con titulación media TIC

Estas porcentaxes son un reflexo da aínda escasa presenza das mulleres en carreiras tecnolóxicas, que constitúe unha das barreiras para a plena incorporación das mulleres ás empresas TIC.


Empresas TIC que contan no seu persoal con mulleres con Ciclos Formativos Superiores



Base: Empresas TIC con asalariados/as

Fonte: Enquisa sobre a Sociedade da Información nas empresas TIC galegas. OSIMGA 2014

Empresas TIC que contan no seu persoal con mulleres con Ciclos Formativos Medios



Base: Empresas TIC con asalariados/as

Fonte: Enquisa sobre a Sociedade da Información nas empresas TIC galegas. OSIMGA 2014


O 12,7% de empresas TIC de Galicia ten empregadas mulleres con Ciclos Formativos TIC, preferentemente ciclos formativos superiores relacionados coas tecnoloxías.

A porcentaxe de empresas TIC que emprega mulleres que contan con Ciclos Formativos TIC Superiores ou medios é inferior á de tituladas TIC (23,6%).

3.5. As funcións e os roles das mulleres no cadro de persoal das empresas TIC galegas



Empresas TIC que contan con mulleres no seu persoal




Base: Empresas TIC con asalariados/as

Fonte: Enquisa sobre a Sociedade da Información nas empresas TIC galegas. OSIMGA 2014

Só a metade das empresas TIC galegas contan con mulleres entre o seu persoal, e tan só no 6,5% de empresas TIC o xénero feminino supón máis da metade do seu equipo. Polo tanto, segue a existir un déficit na representatividade feminina do sector TIC galego


Empresas TIC nas que máis da metade do persoal son mulleres



Base: Empresas TIC con asalariados/as

Fonte: Enquisa sobre a Sociedade da Información nas empresas TIC galegas. OSIMGA 2014

Funcións desenvolvidas segundo o sexo




Fonte: Enquisa sobre a Sociedade da Información nas empresas TIC galegas. OSIMGA 2014

A presenza de mulleres nas distintas áreas funcionais das compañías do sector tecnolóxico galego non é homoxénea. Obsérvase que soamente nas tarefas non TIC as mulleres están preto de acadar unha situación de equilibrio. Así:

- Só o 16,4% das mulleres que traballan no sector desenvolve funcións TIC, fronte ao 64,5% dos homes.
- No persoal non adicado a tarefas TIC, a porcentaxe de mulleres (6,6%) é só 1,9 puntos inferior á dos homes (8,5%).


Empresas TIC que contan no seu persoal con mulleres en postos de dirección



Base: Empresas TIC con asalariados/as

Fonte: Enquisa sobre a Sociedade da Información nas empresas TIC galegas. OSIMGA 2014

Empresas TIC que contan no seu persoal con mulleres adicadas ás TIC




Base: Empresas TIC con asalariados/as

Fonte: Enquisa sobre a Sociedade da Información nas empresas TIC galegas. OSIMGA 2014

Un claro exemplo do denominado “teito de cristal”, atopámolo nas empresas TIC galegas, onde tan só un 11,9% destas empresas contan con mulleres directivas. Por outra banda, o 23,2% das empresas TIC con asalariados/as contan con algunha muller que desenvolve especificamente funcións TIC, o que pon de manifesto a existencia de segregación ocupacional en sentido horizontal nas empresas TIC galegas: as mulleres están, con maior frecuencia, ocupando postos e desenvolvendo funcións diferentes ás dos seus compañeiros varóns


Persoal en I+D+i segundo o sexo



Fonte: Enquisa sobre a Sociedade da Información nas empresas TIC galegas. OSIMGA 2014

O persoal que se adica a I+D+i nas empresas é claramente masculino, contando estes cunha representación do 82,9%, fronte un 17,1% de mulleres.

4. Conclusiones



➔ Pese ao continuo aumento da inserción laboral da muller, o sector TIC segue a ser unha materia pendente, agravado aínda máis pola crise económica que acrecenta a destrucción de emprego TIC feminino.

➔ O problema ten a súa raíz, tanto a nivel europeo como galego, na escasa predisposición da muller a escoller estudos no ámbito TIC.



➔ Dende Europa estanse a tomar unha serie de medidas encamiñadas a fomentar a inserción da muller nos estudos relacionados co sector TIC, focalizando as súas accións en dar a coñecer os beneficios que ofrecen os traballos TIC as mulleres:

- ➔ Menos desemprego xa que é un sector en auge
- ➔ Horarios máis flexibles, que permiten conciliar mellor a vida laboral e familiar.
- ➔ As mulleres do sector TIC gañan un 9% máis que as traballadoras doutros sectores.

➔ A Unión Europea desenvolve tamén iniciativas como “Every Girl Digital”, que mostra a realidade das mulleres que traballan no ámbito das TIC nos seus postos profesionais.

➔ A nivel autonómico, tanto se analizamos o Hipersector TIC en xeral, como desagregado en Sector TIC e Sector Contidos, a presenza da muller segue a estar en inferioridade de representación respecto á do home.

- No Hipersector TIC, a porcentaxe de mulleres traballadoras é do 38,6% o que continúa a denotar a inferioridade de representación do xénero feminino.
- O Sector Contidos é onde atopamos a menor fenda de xénero, 17,2 puntos porcentuais, situándose a representatividade de mulleres no 41,4%. No caso do sector TIC galego, as mulleres representan o 37,7% do total de traballadores/as, manténdose en valores estables nos tres últimos anos.
- A presenza das mulleres autónomas no sector TIC galego sitúase no 28,6%. A fenda de xénero no Réxime Especial de Autónomos é significativamente superior á obtida no Réxime Xeral (40,2%).
- Só a metade das empresas TIC galegas contan con mulleres entre o seu persoal. Polo tanto, segue a existir un déficit na representatividade feminina do sector TIC galego
- Ao redor de unha de cada catro empresas TIC galegas ten empregada algunha muller con titulación TIC superior ou media, o que pon de manifesto unha escasa presenza das mulleres en carreiras tecnolóxicas, que constitúe unha das barreiras para a plena incorporación das mulleres ás empresas TIC.
- A presenza de mulleres nas distintas áreas funcionais das compañías do sector tecnolóxico galego non é homoxénea. Obsérvase que soamente nas tarefas non TIC as mulleres están preto de acadar unha situación de equilibrio. Así:
 - Só o 16,4% das mulleres que traballan no sector desenvolve funcións TIC, fronte ao 64,5% dos homes.
 - No caso do persoal non adicado a tarefas TIC, a porcentaxe de mulleres (6,6%) é só 1,9 puntos inferior á dos homes (8,5%).
- O persoal que se adica a I+D+i nas empresas é claramente masculino, contando estes cunha representación do 82,9%, fronte un 17,1% de mulleres.

- ➔ De seguido, achéganse as propostas en materia de igualdade nas TIC, referidas á participación e o empoderamento das mulleres na Sociedade da Información, na procura de diminuír a fenda dixital de xénero e garantir o acceso ás TIC das mulleres de cara á súa incorporación ao mercado laboral, especialmente nos pequenos núcleos de poboación e no medio rural

Potenciar o Centro Demostrador TIC de Galicia

como espazo de emprendemento para que as mulleres poidan desenvolver proxectos empresariais e tecnolóxicos

Fomentar o Voluntariado Dixital e a Rede de Centros para a Modernización e a Inclusión Tecnolóxica (Cemit)

para impulsar as TIC entre as mulleres, con especial sensibilidade cara o colectivo feminino e no medio rural

Divulgar e levar a cabo programas formativos: orientados a mulleres e asociacións de mulleres:

establecendo accións formativas que incentiven unha maior participación das mulleres nas ensinanzas técnicas relacionadas coas TIC e na I+D+i.

Desenvolver campañas de divulgación

que faciliten o acceso e mellora da situación laboral das mulleres, especialmente nos postos directivos e de toma de decisións

O Plan de Banda Larga de Galicia, que define a estratexia a seguir para alcanzar as seguintes metas:

- Reducir o desequilibrio territorial proporcionando acceso á banda larga de calidade a toda a poboación galega.
- Impulsar a competitividade e innovación nas empresas proporcionando acceso á banda larga aos sectores produtivos para extraer o máximo aproveitamento das novas tecnoloxías, e deste xeito dar servizo ás mulleres empresarias e emprendedoras

